



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E
SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, SÓLIDA- ASOCIACIÓN
DE COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO E SOLIDARIEDADE
GALEGA, PARA O “FORTALECEMENTO DO ENFOQUE DE PROTECCIÓN
INTEGRAL FEMINISTA PARA DEFENSORAS DE DEREITOS HUMANOS EN
MESOAMÉRICA”.**

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

(2) Antecedentes:

Que Solidariedade Internacional de Galicia- SIG é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento de carácter laico que promove a xustiza social a través de proxectos de cooperación internacional, axuda humanitaria e de emerxencia, educación para o desenvolvemento, comercio xusto e presión política. SIG leva traballando no ámbito da Cooperación Internacional desde o ano 1996 e desde entón consolidou unha estrutura sólida e solvente con capacidade para xestionar proxectos de Cooperación Internacional como ao que aquí se fai referencia. Se atopa inscrita no Rexistro de Axentes Galegos de Cooperación para o Desenvolvemento, desde o ano 1999 co nº A-75.

SÓLIDA- Asociación de cooperación ao desenvolvemento, é unha ONG para o desenvolvemento que nace en 2011 da man de persoas vinculadas profesional e persoalmente á Cooperación ao Desenvolvemento desde moitos anos atrás. Se atopa



inscrita no Rexistro de Axentes Galegos de Cooperación para o Desenvolvemento, desde o ano 2011 co nº A-221.

Que Solidariedade Galega- SG é unha organización ONGD de carácter laico e independente, que nace no ano 1997 a partir da preocupación dun grupo de profesionais galegos da sanidade pola situación sanitaria dos países do Sur. Se atopa inscrita no Rexistro de Axentes Galegos de Cooperación para o Desenvolvemento, desde o ano 1997 co nº A-55.

As tres entidades son ONGD galegas, que contan con solvencia e capacidade demostrada para o desenvolvemento de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e que levan traballando conxuntamente fai máis dunha década; vínculo que se fortaleceu nos últimos anos coa posta en marcha de varios proxectos de cooperación internacional en Nicaragua financiados pola Xunta de Galicia.

(3) Finalidade

A finalidade do convenio que se acompaña é establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e as entidades Solidariedade Internacional de Galicia- SIG, SÓLIDA- Asociación de cooperación ao desenvolvemento e Que Solidariedade Galega- SG para a promoción da defensa dos dereitos humanos en Mesoamérica para que as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras, con especial atención á situación de vulnerabilidade das mulleres defensoras nicaragüenses.

(4) Obxecto

O obxecto deste convenio a realización do proxecto “Fortalecemento do enfoque de protección integral feminista para defensoras de dereitos humanos en mesoamérica”.

(5) A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de interese público e cumpre coas prioridades sectoriais que recolle a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, as prioridades xeográficas e transversais (equidade de xénero, e os dereitos humanos) e os colectivos prioritarios (enfocando o proxecto a mulleres defensoras de dereitos humanos) do IV Plan Director da Cooperación Galega, polo que xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de sesenta mil euros (60.000,00 €) que se imputarán a la partida orzamentaria 05.26.331A.490.0. As entidades SIG, SOLIDA e SG aportarán un mínimo 1.534,00 € para a realización do proxecto e recabarán do socio local 9.351,60 € para a execución do proxecto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

